

# *Saúdo de benvida*

CONCEPCIÓN HERRERO

*Vicerreitora de Investigación*

*B*envidas e benvidos ás II Xornadas sobre Lingua e Usos que, baixo o título de Lingua e Investigación, se van desenvolver desde hoxe ao próximo venres na Reitoría da Universidade da Coruña, organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística en colaboración coa Real Academia Galega. A boa acollida destes encontros ractifican a necesidade de crearmos foros de debate e de reflexión sobre os usos da lingua galega e as posibilidades de desenvolvemento de liñas de actuación que potencien o seu emprego no mundo universitario; para iso é necesario dar a coñecer o moito que se leva feito e discutir as estratexias de futuro nun ámbito determinado pola presenza das novas tecnoloxías, pola integración das universidades no espazo europeo de educación superior e pola necesidade de observarmos o diversidade lingüística e o coñecemento pluri-lingüe como un factor de enriquecemento persoal e cultural a que non pode ser alleo o ensino universitario.

*Nese sentido, o tema que se escolle para esta segunda edición pretende pór riba da mesa contidos que preocupan ás persoas que desenvolven día a día labores de investigación e que precisan, por un lado, dominar a terminoloxía propia do seu obxecto de estudo e por outro, coñecer e manexar os recursos existentes para realizar un traballo de maior calidade no menor tempo posible.*

*Non se trata só de mostrar un panorama sobre as diferentes liñas que percorreron a investigación sobre o galego nos últimos anos senón tamén, e fundamentalmente, de discutir a función que esa investigación debe ter na actualidade para ofrecermos produtos capaces de competir e de contribuír a unha praxe investigadora –tamén docente e administrativa, loxicamente– onde a lingua galega ocupe un espazo de uso habitual e normal.*

*A necesidade de rendibilizar o traballo existente ata o momento fai que teñamos que compartir outras experiencias, fundamentalmente as que se desenvolveron no siste-*

*ma universitario galego, na liña de aproveitar e, polo menos, coñecer, as principais tarefas que ocuparon os investigadores e as investigadoras no noso contorno máis inmediato. Mais, evidentemente, existen outras perspectivas que non debemos esquecer; por un lado está a necesidade de considerarmos a problemática da investigación desde a perspectiva da súa integración nos marcos máis amplos do Estado español e da Unión Europea e a posibilidade de procurarmos, tanto para cuestións máis específicas como pode ser a terminoloxía, como para proxectos comúns de maior alcance, vías de confluencia co portugués e con Portugal.*

*Espero que o traballo que desenvolvades estes días sexa frutífero e que coadxuve para avanzarmos no establecemento dunha relación máis estreita entre dous mundos que teñen, forzosamente, que procurar vías de entendemento se consideramos que a investigación e o labor universitario deben atender as necesidades da sociedade en que se integran. Desde esta perspectiva, a Universidade da Coruña ten entre os seus obxectivos a utilización das potencialidades científicas e técnicas e os seus recursos humanos para fomentar a investigación en temas relacionados coas novas tecnoloxías e a planificación lingüística, ao tempo que, desta maneira, contribúe á reflexión e á implicación da comunidade universitaria a respecto do uso do galego nesta institución e na sociedade galega no seu conxunto.*

*Grazas pola vosa presenza e moi boa estadia entre nós.*